



Entendendo mellor ao papa Francisco. A propósito dun esclarecedor libro

Ramón Cao Martínez¹

Quizais nunca desde o Vaticano II un papa se atopou con resistencias de tal calibre no interior da Igrexa. Como explicar tal reacción e tales incompreensións? Acusado de traizón polos nos-táxicos doutros usos e tempos e tachado de conservador por quen aspira con impaciencia a cambios máis radicais (ou aspiramos?), Francisco segue paseniño o seu programa anovador, con tranquila tenacidade. A traxectoria desta cumprida década de papado, cos seus logros e as súas limitacións, cos seus avances e as súas vacilacións, segue alimentando a esperanza. É obvio que desde aquela primeira aparición súa no balcón vaticano a moitos foinos gañando o corazón, pero ás veces daríamos a impresión de que nos faltase o adecuado entendemento desa peculiar vía que parece ser a súa.

*El desafío Francisco. Del neoconservadurismo al hospital de campaña*², obra do profesor italiano Massimo Borghesi³, vén oportunamente para axudarnos neste imprescindible exercicio de comprensión. O libro convidanos a ampliar a nosa mirada para entender mellor o proxecto de Francisco e o seu estilo propio, xustamente ao fío das resistencias e a hostilidade que suscita. E

1 Ramón Cao Martínez (Baracaldo, 1944) foi profesor de Lingua Castelá e Literatura, Doutor en Filosofía e Letras. É membro do consello de redacción de Encrucillada.

2 Tradución de Fernando Montesinos Pons (Ediciones Encuentro, Madrid, 2022) do orixinal italiano *Francesco. La Chiesa tra ideologia teocon e «ospedale da campo»*, Jaka Book, Milán, 2021.

3 Massimo Borghesi é profesor de Filosofía Moral na Universidade de Perugia. Especialista no pensamento filosófico alemán dos séculos XIX e XX, dedicou a súa atención a temas como a secularización, o nihilismo e a sociedade «post-secular».